

ESTUDOS MIGRATORIOS
Revista Galega de Análise das Migracións

Nova xeira

Vol. IV, Núms. 1 e 2 (2011). ISSN 1889-9609

Monográfico
A Península Ibérica e os seus migrantes en América

5 Introducción

- 7-14 RUY FARÍAS, ÉRICA SARMIENTO DA SILVA
Novas miradas a unha vella temática: migracións rexionais españolas e portuguesas cara a América Latina

15 DOSSIER

- 17-37 NADIA ANDREA DE CRISTÓFORIS
A recreación dos vínculos coa terra de orixe: o caso dos emigrantes de Vedra en Bos Aires
- 39-58 MARCELA SUSANA LIPPI
A inmigración zamorana na Arxentina: unha inserción secular
- 59-84 FERNANDO CARLOS MOURA
A construción da identidade da comunidade portuguesa de Escobar (Arxentina) e a súa relación cos medios de comunicación social
- 85-104 JON ANDER RAMOS MARTÍNEZ
Faustino Díez Gaviño e a primeira empresa xornalística vasca en Cuba
- 105-124 ÉRICA SARMIENTO DA SILVA
As parroquias cariocas: vivenda e traballo dos galegos nas parroquias centrais de Río de Xaneiro (final do século XIX e século XX)
- 125-144 LENÁ MEDEIROS DE MENEZES
Inmigración: achegas sobre a historia entre bastidores. Portugueses e españois como estudo do caso (Río de Xaneiro, 1890-1930)
- 145-172 RUY FARÍAS
Emigración e integración económica. A inserción socioprofesional dos galegos en Arxentina: o caso de Avellaneda e Lanús, 1939-1960

A RECREACIÓN DOS VÍNCULOS COA TERRA DE ORIXE: O CASO DOS EMIGRANTES DE VEDRA EN BOS AIRES¹

Nadia Andrea De Cristóforis

RESUMO

O asociacionismo microterritorial de Vedra no Río da Prata expresouse na conformación de numerosas institucións, entre elas a Sociedad de Residentes del Municipio de Vedra en Bos Aires. Esta última, orixinada en 1910, alcanzou un importante desenvolvemento nos anos vinte e trinta, coincidindo coa etapa de máxima expansión do movemento asociativo microterritorial na cidade porteña. Ao longo deste artigo concentrarémonos nas primeiras décadas de existencia da mencionada entidade para poñer de relevo os seus obxectivos, características e interaccións con núcleos asociativos de distinta índole existentes en Vedra e na capital argentina.

Palabras clave: asociacionismo microterritorial, Vedra, Bos Aires, filantropía, mutualismo.

ABSTRACT

The micro-territorial associationism of Vedra in Rio de la Plata took the form of a good number of institutions, including *Sociedad de Residentes del Municipio de Vedra* in Buenos Aires (Association of Residents of the Municipality of Vedra in Buenos Aires). The society was founded in 1910 and evolved mainly in the 1920s and 30s, which was the busiest period for the expansion of micro-territorial associations in Buenos Aires. In this article we look at the early decades of said

Recibido: 10-12-2011 Aceptado: 02-11-2012

1. Este traballo forma parte dos seguintes proxectos de investigación: UBACyT 20020110100073 e UBACyT 20020100100435 (UBA); PIP 114-200801-00216 e PIP 112-201101-00607 (CONICET); PICT 2008, N.º 1150 (ANPCyT); Proxecto «Redes, poder y territorialidad en la historia argentina de los siglos XVIII-XX», Programa de Incentivos a docentes-investigadores (CESAL - UNICEN). Agradézoles a Xosé Manoel Núñez Seixas, Pilar Cagiao Vila, Rocío Botana Iglesias e Jorge Cerdeira Louro o seu valioso asesoramento en materia documental.

association, highlighting its goals, characteristics and interactions with other associations in Vedra and Argentina's capital city.

Keywords: micro-territorial associationism, Vedra, Buenos Aires, philanthropy, mutualism.

1. INTRODUCCIÓN

Os emigrantes galegos expresaron de distintas maneiras e a través de diferentes mecanismos o mantemento dos seus vínculos coa súa terra de orixe. Xa sexa por medios materiais ou simbólicos, os que partían do noroeste hispánico lograron conservar ou recrear os seus lazos cos que quedaran na sociedade natal, con efectos varios, dun e doutro lado do océano. O asociacionismo, nas súas diversas vertentes, foi unha clara manifestación desta tendencia.

Unha abundante bibliografía dedicouse a estudar o multiforme movemento asociativo dos galegos xerado nos destinos de emigración, especialmente nas cidades que chegaron a concentrar a maior proporción dos fluxos (Bos Aires, A Habana ou Montevideo)². En relación coa cidade porteña, a atención dirixiuse pronto ás entidades de carácter macro ou microterritorial³, é dicir, aquelas que se identificaban coa rexión no seu conxunto ou con algunha das súas provincias (o Centro Gallego de Bos Aires, o Centro Galicia de Bos Aires ou os centros provinciais, por exemplo). Polo xeral, estas institucións foron obxecto de análises máis tradicionais, que puxeron o acento na actuación dos seus elencos dirixentes e nas obras realizadas por eles, en moitos casos con fins conmemorativos ou evocadores⁴. Posteriormente e no contexto da renovación dos estudos migratorios, a partir da década de 1980 algúns investigadores concentráronse na participación dos galegos nas entidades españolas

2. Para unha visión global das asociacións galegas no exterior ata a actualidade e cunha rica achega a nivel cuantitativo, cfr. Arquivo da Emigración Galega, *Nós mesmos. Asociacionismo galego na emigración*, Consello da Cultura Galega, 2008.

3. Seguimos a clasificación proposta por Vicente Peña Saavedra, *Éxodo, organización comunitaria e intervención escolar. La impronta educativa de la emigración transoceánica en Galicia*, Xunta de Galicia, 1991, vol. 1, p. 356.

4. Eduardo Sánchez Millares e Graciana Vázquez Villanueva, *Medio siglo en la historia del Centro Gallego de Buenos Aires*, Colección «Galicia Exterior», Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1993; Rogelio Rodríguez Díaz, *Historia del Centro Gallego de Buenos Aires*, Bos Aires (en diante, Bs. As.), Ancla Editores, Instituto Argentino de Cultura Gallega, 2000 [1940]; Manuel Padorno, *Historia del Centro Gallego de Buenos Aires. Centenario 1907-2007*, Bs. As., Ediciones Galicia, Instituto Argentino de Cultura Gallega, 2007; Graciana Vázquez Villanueva (coord.), *Una historia que no cesa: de los Centros Provinciales al Centro Galicia de Buenos Aires*, Xunta de Galicia, 2004.

e puxeron de relevo o protagonismo cuantitativo e cualitativo alcanzado polos oriúndos do nordeste hispánico dentro destas entidades⁵.

Finalmente, por impulso da historiografía española e, en especial, da galega, foise desenvolvendo un interese crecente polas institucións microterritoriais, é dicir, aquelas que se situaban nas comarcas, municipios, parroquias ou aldeas do noroeste hispánico⁶. Estas entidades, impulsadas pola preocupación dos emigrados pola súa terra natal, constituíron un medio privilexiado para o mantemento dos vínculos entre os que partiran a diferentes destinos e os que permanecían na sociedade do noroeste hispánico.

Como sostivo Alejandro Fernández, diversas razóns conduciron á máis recente preocupación polas institucións microterritoriais: a súa estreita conexión coas historias locais, o apoio financeiro e institucional dado ao tema por parte dos gobernos municipais e autonómico ou o feito de que o estudo das mencionadas sociedades se converteu nun terreo fértil para a posta en funcionamento de enfoques microanalíticos, como os propostos dende a microhistoria⁷. En efecto, en moitos casos as entidades microterritoriais foron analizadas dende perspectivas atentas á acción social, á racionalidade limitada dos suxeitos, aos liderados ou ás redes sociais, polo que se puxo en evidencia o potencial aínda non esgotado da documentación ligada a estas entidades⁸.

5. Os traballos de Alejandro Fernández constitúen un claro expoñente desta liña de indagación. V., entre moitos outros: Alejandro E. Fernández, «Los gallegos dentro de la colectividad y las asociaciones españolas en el primer tercio del siglo xx», en Alejandro E. Fernández e José C. Moya (eds.), *La inmigración española en la Argentina*, Colección «La Argentina Plural», Bs. As., Biblos, 1999, pp. 139-160; *Idem*, «Los gallegos en el mutualismo étnico de Buenos Aires (1850-1930)», *Anuario del Centro de Estudios Gallegos*, Montevideo, Universidad de la República, Facultad de Humanidades y Ciencias de la Educación, 2000, pp. 29-54.

6. Como reflexo da tendencia mencionada, as revistas especializadas na materia recolleron traballos puntuais sobre espazos específicos de emigración galega. Cfr., por exemplo, Antón Costa Rico, «Con billete de volta. Os americanos da Mariña, a creación de escolas e a busca do progreso»; Herminia Pernas Oroza, «Mariñaos en América: unha aproximación ás sociedades de instrucción da Mariña luguesa, ca. 1900-1940»; Ana Cabana Iglesia, «‘Mirando polos que quedaron’. A man dos indianos no ensino primario: o caso de Ribadeo», os tres en *Estudos Migratorios. Revista Galega de Análise das Migracións. Nova xeira*, vol. I, n.º 2, 2008, pp. 131-149, 151-173 e 175-198, respectivamente.

7. Alejandro Fernández, «Historiografía de las asociaciones gallegas: el caso argentino y algunas comparaciones latinoamericanas», en Nadia De Cristóforis (coord.), *Baixo o signo do franquismo: emigrantes e exiliados galegos na Arxentina*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco Edicións, 2011, pp. 148-149.

8. Para o caso arxentino, os estudos de Xosé Manoel Núñez Seixas son particularmente suxestivos. V., entre moitos outros, Xosé M. Núñez Seixas, «Asociacionismo local y movilización sociopolítica: notas sobre los gallegos en Buenos Aires (1890-1936)», en Alejandro E. Fernández e José C. Moya (eds.), *op. cit.*, pp. 195-233; Xosé M. Núñez Seixas, «Redes sociales y asociacionismo:

Un dos aspectos máis examinados foi o impacto material e ideolóxico das institucións en consideración sobre a sociedade galega, en especial a un nivel político e educativo⁹.

Porén, aínda falta por coñecer mellor a dinámica e os avatares das entidades microterritoriais no marco das sociedades de destino da emigración, onde xurdiron e se desenvolveron. A partir desta última preocupación, concentrarémonos neste traballo nunha institución fundada en 1910 por oriúndos do concello de Vedra en Bos Aires, a Sociedad de Residentes del Municipio de Vedra en Bos Aires. O noso estudo, que parte da inquietude de cubrir certos baleiros historiográficos na materia, conxugouse cun importante interese político-institucional pola historia do municipio de Vedra, que, en certa forma, estimulou a nosa tarefa¹⁰. Ao longo deste artigo trataremos de analizar as primeiras décadas de existencia da Sociedad de Residentes del Municipio de Vedra en Bos Aires para poñer de relevo os seus obxectivos, características e interaccións con núcleos asociativos de distinta índole existentes en Vedra e na cidade porteña a comezos do século xx. Concentrarémonos na etapa de crecente institucionalización da mencionada entidade, que coincidiu coa fase de maior expansión do asociacionismo microterritorial na Arxentina.

2. DE VEDRA A BOS AIRES: MIGRACIONES E ASOCIACIONISMO

O municipio de Vedra está situado no sur da provincia da Coruña, en Galicia. Dende o século xii áchase conformado por doce parroquias¹¹. Trátase dun distrito cunha estrutura agrícola predominante que experimentou unha importante emigración cara a Arxentina dende finais do século xix.

las 'parroquias' gallegas de Buenos Aires (1904-1936)», *Estudios Interdisciplinarios de América Latina y el Caribe*, vol. 11, n.º 1, 2000, pp. 23-44. En relación con contextos emigratorios máis amplos, cfr. Xosé M. Núñez Seixas, *Emigrantes, caciques e indios. O influxo sociopolítico da emigración transoceánica en Galicia (1900-1930)*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1998.

9. Nesta dirección, a obra de Vicente Peña Saavedra constituíu un referente ineludible na materia, cfr. *op. cit.*, vol. 2.

10. Referímonos á iniciativa do goberno do devandito concello, que contou coa colaboración do Arquivo da Emigración Galega do Consello da Cultura Galega e que involucrou unha recuperación da documentación e da historia da emigración cara a América, en particular no relacionado co movemento asociativo alí orixinado. Poden encontrarse interesantes referencias ás actividades e investigacións desenvolvidas na dirección mencionada en <http://100anosvedraemigrante.com/?q=es>, última consulta: 1/03/2011.

11. Santo André de Trobe, San Miguel de Sarandón, Santa María Madanela da Ponte Ulla, Santa Cruz de Ribadulla, San Pedro de Sarandón, Santa Eulalia de Vedra, San Fins de Sales, San Mamede de Ribadulla, San Pedro de Vilanova, Santo André de Illobre, San Cristovo de Merín e San Xián de Sales.

En realidade, as primeiras saídas ao exterior que se produciron na cunca media do río Ulla (onde está situada Vedra) tiveron como principal destino a rexión andaluza, especialmente a cidade de Cádiz. Como puxeron de relevo Ofelia Rey Castelao e Ricardo Turnes Mejuto, a partir de 1760 estes fluxos intrapeninsulares adquiriron unha importancia para nada desprezable¹². Trátase dunhas correntes temporais con certa presenza feminina. Porén, ao longo do século XIX, a emigración ultramarina foise incrementando por factores que actuaron tanto na sociedade de partida (a crise da industria téxtil a domicilio ou da produción vitivinícola, as pesadas cargas tributarias que debían soportar os produtores, o interese dos mozos por evadir o servizo militar, as limitadas posibilidades de crecemento no marco da comunidade local ou o sistema de herdanza que favorecía a un dos fillos en detrimento dos demais), como nas de recepción (fundamentalmente as oportunidades crecentes de inserción laboral e de progreso social)¹³.

Cara a 1897, xa se definira unha clara tendencia en canto ao destino que prevalece nas emigracións transoceánicas: Bos Aires ocupaba o primeiro lugar como cidade receptora, seguida a moita distancia pola Habana e Cádiz¹⁴. Segundo as nosas propias contabilizacións, no ano mencionado había como mínimo uns 266 vedreses na cidade porteña¹⁵, número que se mantería relativamente estable nas primeiras décadas do século XX. Teñamos presente que, segundo o padrón municipal de habitantes de Vedra de 1930, en Bos Aires había uns 244 vedreses e o predominio dos varóns era moi acusado dentro do devandito colectivo (205 eran varóns e 39, mulleres)¹⁶. Tomando en consideración que en 1930 a «poboación de feito» en Vedra era duns 5639 habitantes¹⁷, poderíamos afirmar que o número de emigrantes vedreses no destino porteño equivalía a un 4,32% da poboación de feito do municipio de orixe.

12. Ofelia Rey Castelao e Ricardo Turnes Mejuto, «La emigración a América en la cuenca media del Ulla: un ejemplo de análisis comarcal», *Revista da Comisión Galega do Quinto Centenario*, n.º 4, 1989, p. 179.

13. Jorge Cerdeira Louro e Rocío Botana Iglesias, *A emigración en Vedra*, Concello de Vedra, 2009, pp. 26-30.

14. Rocío Botana Iglesias, *Teo y Vedra: os aportes no eido educativo dos seus emigrantes americanos no primeiro terzo do século XX*, Traballo de Investigación Tutelado, inédito, Universidade de Santiago de Compostela, 2006, pp. 32 e 33.

15. Arquivo Municipal de Vedra (España), Padrón Municipal de Habitantes de 1897, Caixa n.º 326.

16. Rocío Botana Iglesias, *op. cit.*, p. 40.

17. Xosé Fariña Jamardo, *Os Concellos Galegos (Parte Especial)*, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1993, t. X, p. 69.

Os oriúndos de Vedra en Bos Aires integráronse en institucións galegas xa existentes, ao tempo que crearon outras novas que intentaron representar o municipio ou algunha das súas parroquias. No tránsito do século XIX ao XX, o asociacionismo do noroeste hispánico na cidade porteña xa tiña unha antiga data. Dende finais do século XVIII organizouse nela a Congregación Nacional del Glorioso Apóstol Santiago el Mayor, que contou nos seus inicios con 156 membros¹⁸. Esta institución tiña como finalidade principal manter as tradicións litúrxicas vinculadas ao patrón de España e Galicia, mais tamén pretendeu obxectivos asistenciais, para o que estableceu os mecanismos de recadación de fondos e de distribución das axudas.

Non obstante, a multiplicación de asociacións galegas na cidade porteña produciuse no contexto da inmigración masiva. En 1879, xurdiu o Centro Gallego de Bos Aires, que nos seus inicios tivo un carácter máis ben recreativo, antes que mutualista. En 1892, esta entidade desapareceu por tensións internas entre os seus dirixentes e fundouse de novo en 1907. A partir de aquí comezou un progresivo camiño de consolidación institucional que se viu favorecido pola inclinación benéfico-mutualista e a súa ampla captación de socios. Aos dous meses da súa reapertura, o Centro Gallego contaba con arredor de 200 socios, cifra que en 1923 se elevara a 9818 e en 1929, a 22 104¹⁹. A súa xestión reproducíase noutras institucións do mesmo tipo en distintos ámbitos urbanos arxentinos (Corrientes, Córdoba, Rosario, Barracas al Norte, Barracas al Sur e, posteriormente, Comodoro Rivadavia, Santa Fe, Mendoza e Río Gallegos) e noutros países que recibiran unha importante inmigración galega (Cuba e Uruguai, por exemplo).

Un dos trazos característicos do asociacionismo galego en América foi a proliferación das entidades microterritoriais. En Bos Aires, estas últimas experimentaron un período de máxima expansión na primeira metade da década de 1920. Segundo os estudos de Xosé Manoel Núñez Seixas, na mencionada cidade o seu número incrementouse paulatinamente: en 1907 había 12; en 1913, entre 42 e 50; en 1916, 98; e en 1926, 146. Entre 1904 e 1936, orixináranse 327 sociedades microterritoriais na capital arxentina, das cales 123 se identificaban con ámbitos espaciais da provincia de Pontevedra; 113, da Coruña; 49, de Lugo e 42, de Ourense. De todas elas, un 49,84% tiña como ámbito de acción o municipio e un 28,13% a parroquia²⁰.

18. Archivo General de la Nación (Argentina), División Colonial, Justicia, S IX 31-7-6, exp. 1168.

19. Rogelio Rodríguez Díaz, *op. cit.*, pp. 37, 79 e 125.

20. Xosé M. Núñez Seixas, «Asociacionismo local...», *cit.*, pp. 208 e 209.

Como suxeriu Núñez Seixas, un conxunto de circunstancias de distinto tipo estimularon a conformación destas sociedades microterritoriais na cidade porteña. Entre outras, destacan: unha masa crítica de inmigrantes da mesma orixe; a existencia de grandes institucións mutualistas galegas e españolas (o Centro Gallego de Bos Aires ou a Sociedad Española de Socorros Mutuos) capaces de cubrir as necesidades máis perentorias dos inmigrantes (asistencia sanitaria, repatriacións, cobertura de gastos por falecemento, seguros por perda do emprego), o que habilitaba o xurdimento doutras entidades que non necesariamente se debían ocupar destes últimos aspectos; a multiplicación de asociacións agrarias no campo galego dende comezos do século xx, que impulsaron a aparición das microterritoriais en América; ou a existencia de líderes (emigrantes de relativo éxito económico, políticos, intelectuais e periodistas) dispostos a investir tempo e enerxía na ampliación do asociacionismo²¹.

Así mesmo, poderíamos agregar que ese movemento asociativo microterritorial non se producía no baleiro. Ademais das institucións galegas mencionadas anteriormente, a dinámica da conformación da sociedade civil na Arxentina dera paso á expansión dun tecido asociativo máis amplo expresado na constitución de entidades de distinto tipo: sindicatos e sociedades de resistencia obreira, clubs sociais, culturais e deportivos, loxas masónicas, asociacións doutras comunidades inmigrantes (entre as que destacaban as dos italianos), círculos literarios e de obreiros católicos, sociedades profesionais, agrupacións festivas, organizacións de beneficencia e asociacións de empresarios, entre outras. Como sinalou Hilda Sábato, entre finais do século xix e comezos do xx, o mundo das asociacións na Arxentina era moi heteroxéneo. As prácticas asociativas tiveron difusión masiva e involucraron unha parte moi grande da poboación nativa e estranxeira. As institucións organizáronse seguindo unha matriz xa definida nos seus trazos básicos á que non serían alleas as entidades microterritoriais galegas. Por unha banda, había unha certa esixencia formal de cumprir o mellor posible cos estatutos e regulamentos, que fixaban regras de funcionamento e establecían os obxectivos, deberes e dereitos dos membros. Por outra banda, dentro das asociacións de diversa índole producíanse xeralmente procesos de diferenciación interna, coa formación de dirixentes e o establecemento de xerarquías dentro do universo societario²².

21. Cap. cit., pp. 204-211; *Idem*, «Redes sociales...», cit., pp. 23-25.

22. Hilda Sábato, «Estado y sociedad civil», en Elba Luna e Éliada Cecconi (coords.), *De las cofradías a las organizaciones de la sociedad civil. Historia de la iniciativa asociativa en Argentina*, Bs. As., Gadis, 2002, p. 165.

Os vedreses crearon unhas dez asociacións microterritoriais en Bos Aires, que tiveron unhas traxectorias e alcances diferentes entre si²³. Este movemento asociativo iniciouse cara a 1910 coa fundación da Sociedad Agrícola de Residentes del Municipio de Vedra e da Sociedad Agrícola, Ganadera y de Instrucción de Santa Eulalia de Vedra. Ambas foron modificando as súas denominacións ao longo da súa existencia. A primeira, máis coñecida como Sociedad de Residentes del Municipio de Vedra en Bos Aires, tiña como marco de referencia o municipio, mentres que a segunda, a parroquia de Santa Eulalia de Vedra.

3. ENTRE O MUNDO DE ORIXE E O DE CHEGADA: TENSIONES DENTRO DO ÁMBITO SOCIETARIO

O día 2 de outubro de 1910, un núcleo de residentes do municipio de Vedra en Bos Aires reuniuse na casa do inmigrante vedrés Manuel Fernández, situada na rúa Alsina 944, para fundar a Sociedad Agrícola de Residentes del Municipio de Vedra (en diante, Sociedad de Residentes del Municipio de Vedra). Os propósitos declarados desta última eran auxiliar a sociedade agrícola que por aquel entón funcionaba en Vedra (entidade que despois foi recoñecida como Sindicato Agrícola de Vedra) e o «deseo de buscar por todos los medios el mejoramiento de la región [galega]»²⁴.

Como vemos, a institución xurdía en estreita relación coas necesidades da terra de orixe, principalmente co obxectivo de colaborar co Sindicato Agrícola. Este último formaba parte dunha rede máis ampla de sociedades agrícolas que por aquel entón se estaba a desenvolver con gran forza en toda Galicia pero especialmente nas provincias de Pontevedra e A Coruña. Este crecemento das sociedades agrícolas viña producíndose dende finais do século XIX, mais encontrou un motivo de impulso na sanción da Lei de sindicatos de 1906, que autorizou a asociación dos agricultores coa condición de que esta tivese fins principalmente económicos. Calculouse que entre 1907 e 1913 a provincia da Coruña pasou a ter unhas 55 sociedades campesiñas²⁵.

23. Gran parte da documentación pertencente ás mencionadas entidades presérvase actualmente no Arquivo da Emigración de Vedra, concello de Vedra, Galicia (en diante, AEV).

24. Arquivo da Emigración de Vedra, Caixa n.º 1, Libro de Actas n.º 1 (1910-1917), Sociedad Agrícola Residentes de Vedra (en diante, SRMV, sigla do nome máis difundido desta entidade), Acta de fundación, 2/10/1910, f. 1.

25. Andrés Domínguez Almansa, *A formación da sociedade civil na Galicia rural: asociacionismo agrario e poder local en Teo (1890-1940)*, Concello de Teo, 1997, p. 60.

Segundo o refería o artigo 1 do seu regulamento, o Sindicato de Agricultores de Vedra podía estar constituído por «propietarios, labradores, jornaleros, colonos e individuos que ejerzan profesiones anexas a la Agricultura y Ganadería»²⁶. As súas finalidades eran instrutivas (difundir os coñecementos relacionados coa agricultura e gandaría a través da ensinanza formal e outros medios, como os certames ou concursos), económicas (adquisición de maquinaria e animais reprodutores para o sindicato; compra de fertilizantes químicos, plantas e sementes para a sociedade e os individuos que a integraban; aplicación de remedios contra as pragas do campo; instauración dunha sección de seguros de gando; establecemento de depósitos ou almacéns) e benéficas (facilitar os medios para a curación dos socios ou dos seus parentes enfermos, asistir á familia dun socio falecido, axudar a aquel socio que tivese algún animal de traballo enfermo en época de sementar ou recoller). Ademais destes obxectivos enumerados, o Sindicato pretendía ter representación no municipio (art. 53) para garantir a protección dos dereitos dos campesiños. Isto último entraba en tensión co espírito da Lei de asociacións, que daba prioridade aos fins económicos destas en detrimento daqueles que se ligaran coa acción política a un nivel local.

Os factores que favorecían a preocupación pola sociedade de orixe entre os fundadores da Sociedad de Residentes del Municipio de Vedra establecidos en Bos Aires eran unha combinación complexa de circunstancias. En primeiro lugar, a forte expectativa de retorno por parte dos que seguían apostando por volver como «indianos» enriquecidos ao fogar que os vira nacer e, en segundo lugar, o interese por recrear ese ámbito de pertenza no medio de acollida. O feito de buscar a mellora da súa sociedade de nacemento implicaba manter os vínculos con aqueles que permaneceran en Vedra, materializados nas remesas que chegaban por vías persoais ou impersoais (como as entidades bancarias), a correspondencia ou os periódicos que circulaban entre ambos os lados do océano. Ademais, a práctica da filantropía na súa terra natal permitía consolidar o prestixio social dos que integraban as comisións directivas desta sociedade. Como vemos, as motivacións eran diversas, mais poderíanse resumir nalgúns frases que tamén serían aplicables a outros dirixentes de asociacións microterritoriais galegas: desexos de «figurar», propósito de manter os límites étnicos entre a comunidade de pertenza e interese por lexitimar un liderado dentro desta, dun e doutro lado do Atlántico. Deste modo e

26. Todas as alusións ao regulamento do Sindicato derivanse da documentación que se encontra en AEV, Caixa n.º 10, Reglamento del Sindicato de Agricultores de Vedra, 1921 [19/07/1913].

segundo unha tipificación proposta por Núñez Seixas²⁷, poderíamos suxerir que os líderes da Sociedad de Residentes del Municipio de Vedra cumpriron diversas funcións, polo menos na etapa inicial da devandita institución: culturais (recreación do tecido social do mundo de orixe e do sentido de pertenza a este), políticas (representación dos emigrados de Vedra en Bos Aires ante o Sindicato Agrícola), sociais (prestación de axuda mutua, como veremos máis adiante), psicosociais (contribución ao reforzamento do prestixio social da comunidade).

Nesta articulación de obxectivos altruístas e intereses persoais, os que quedaban en evidencia a un nivel discursivo-oficial e propagandístico eran os primeiros. Os dirixentes da sociedade facían un especial esforzo por demostrar que consagraban o seu traballo ao ben común e ao «engrandecemento» da súa terra de orixe en todas as oportunidades posibles. Deste modo, tanto na documentación de índole institucional como nos periódicos que representaban a entidade púñase de manifesto a suposta vontade redentora e transformadora dos líderes. Temos un exemplo disto nas palabras do presidente Eugenio Orosa dirixidas aos socios ao terminar o seu mandato en 1915:

[...] yo comprendo que a fuerza de lucha y constancia, sin desmayar un momento en todo aquello que uno se propone llevar a la práctica, siempre se consigue, si no es todo, al menos algo que recaería en beneficio de todos en general, y fundándome en lo que llevo dicho, vuelvo a repetir que lamento en sumo haber estado tan ocupado como estuve y estoy, que ello no me ha permitido ocuparme, más que de lo poco que he hecho, en beneficio de la sociedad y en pro del engrandecimiento de la misma, que esto último sería mi verdadero intento, pero hago voto para que hoy día en que debe ser nombrada la nueva Comisión Directiva [...] recaiga en persona que sea amante de buscar la libertad de los pueblos oprimidos como el nuestro hasta la fecha y haga todo lo que esté a su alcance a fin de buscar el engrandecimiento de esta institución [...]»²⁸.

Os desexos de figurar entre os benfeitores da «patria chica» conducían a que os dirixentes buscasen aparecer (con nome e apelido) nas listaxes de contribuíntes para a construción do edificio social (a sede do Sindicato de Agricultores de Vedra) ou tamén producían fenómenos rechamantes, como a conformación dunha comisión directiva cunha avultada cantidade de cargos,

27. Xosé M. Núñez Seixas, «Modelos de liderazgo en comunidades emigradas», en Alicia Bernasconi e Carina Frid (eds.), *De Europa a las Américas. Dirigentes y liderazgos (1880-1960)*, Colección «La Argentina Plural», Bs. As., Biblos, 2006, pp. 32 e 33.

28. AEV, Caixa n.º 13, Correspondencia SRMV, Carta enviada por Eugenio Orosa, Bs. As., 24/01/1915.

en proporción á masa societaria. Teñamos presente, por exemplo, que nos primeiros anos de existencia da entidade o número de socios non superaba o medio centenar de persoas²⁹, mentres que a Comisión Directiva estaba integrada polo elevado número de vinte e catro membros (director, vicepresidente, secretario, vicesecretario, tesoureiro, vicesecretario, contador, síndico, dous revisores de contas, dous vogais e dous vogais auxiliares)³⁰. Estas aspiracións de «figuración» que, segundo algúns contemporáneos, estimulaban a fragmentación do movemento asociativo galego eran recusadas nalgunhas oportunidades polos que vían de maneira negativa que se evitasen os obxectivos altruístas e colectivos da institución a favor da satisfacción dos intereses persoais dos líderes³¹.

A mencionada preocupación pola comunidade de orixe conduciu a que a Sociedad de Residentes del Municipio de Vedra levase a cabo unha serie de importantes tarefas a favor desta. Entre 1911 e 1932, esta última entidade destinou a maior parte das súas recadacións a financiar os seguintes proxectos: o edificio social do Sindicato de Agricultores de Vedra; as escolas de Trobe, Merín, San Pedro de Sarandón e A Ponte Ulla; a residencia de estudantes en Santiago de Compostela; as pontes de Bazar e Pedreira (na parroquia de Trobe) e os premios aos alumnos destacados³². Cabe destacar que o levantamento de toda esta infraestrutura esixía a colaboración dos veciños instalados en Vedra, que non sempre se lograba facilmente, en especial pola inxerencia das forzas máis tradicionais ou caciquís da sociedade, que buscaban limitar ou impedir o desenvolvemento dos mencionados proxectos³³.

29. Lamentablemente, non dispoñemos dunha contabilización exacta do número de socios nos primeiros anos de existencia da entidade, pois a primeira listaxe que chegou aos nosos días corresponde a 1924. A estimación presentada dedúcese do número de asistentes a unha asemblea o 15 de xuño de 1913 (cfr. AEV, Caixa n.º 1, Libro de Actas n.º 1 [1910-1917] SRMV, Acta de asemblea extraordinaria, 15/06/1913, f. 57).

30. AEV, Caixa n.º 1, Libro de Actas n.º 1 (1910-1917) SRMV, Acta de aprobación de contas e nombramiento de nuevo directorio para el año de 1911, 8/01/1911, ff. 5 e 6; *Idem*, Acta de posesión de cargos de la nueva Junta para 1911, 10/01/1911, ff. 6 e 7.

31. «El lema de los gallegos por las Sociedades de la América del Sud», *Hércules*, ano x, n.º 128, 15/01/1926, Bs. As., p. 14.

32. AEV, Caixa n.º 26, Recortes periodísticos, «Sociedad Agrícola Residentes del M. de Vedra en B. Aires», *Correo de Galicia*, 19/03/1933. Para un estudo minucioso das obras propiciadas en Galicia polas Sociedades de Vedra en Bos Aires, v. Xurxo Cerdeira Louro, *Proceso migratorio e sociedades de emigrantes de Vedra. A viaxe cara a modernidade*, A Coruña, Deputación Provincial da Coruña, 2010, pp. 155-225.

33. «De acá para allá. Cartas a Xan Labrego» e «Alcaldadas», *Hércules*, ano x, n.º 119, 15/04/1925, Bs. As., pp. 4 e 5 e ano xi, n.º 139, 15/12/1926, Bs. As., pp. 3 e 4, respectivamente. Para unha análise máis profunda das críticas que se producían en Galicia en relación coa

Agora ben, se por unha banda o obxectivo inicial da Sociedad de Residentes del Municipio de Vedra estaba ligado á mellora das condicións de vida dos habitantes do devandito municipio, tamén debemos destacar que a entidade despregou accións de índole benéfico-mutualistas encamiñadas a cubrir algunhas necesidades básicas dos seus socios ou familiares próximos: auxilio monetario en caso de enfermidade ou accidentes e cobertura de gastos de repatriación de socios enfermos ou inhabilitados para o traballo e de enterros de socios ou dos seus parentes.

Porén, cremos que os propósitos filantrópicos ligados coa terra de orixe entraron en tensión con aqueles dirixidos a favorecer os socios radicados en Bos Aires. Problemáticas similares instaláranse noutras sociedades microterritoriais galegas, como aconteceu con Hijos del Partido de Lalín. Esta institución naceu o 7 de agosto de 1908 na cidade porteña coa finalidade de conseguir diñeiro para comprar un terreo e construír un cemiterio en Galicia. Ao ano da súa fundación, experimentou unha escisión debido a que un grupo dos seus membros desexaba afondar na tendencia mutualista da entidade en detrimento das accións benfeitoras na sociedade natal. Ao non ser aceptada esta proposta dentro da sociedade xa constituída, os que estaban a favor do programa de protección aos emigrados na Capital Federal separáronse de Hijos del Partido de Lalín e deron orixe a unha nova entidade: Asociación Hijos del Partido de Lalín (Protección). Un dos promotores desta última daría conta do espírito que a animaba: «los artesanos queremos lo más práctico, rápido e indispensable; o sea la protección, el socorro y el trato íntimo entre los naturales de Lalín en América»³⁴.

Dentro da Sociedad de Residentes del Municipio de Vedra, a tensión entre os fins filantrópicos e mutualistas foise incrementando, púxose de manifesto en diferentes circunstancias, por exemplo, na tentativa de reformar o artigo dos estatutos que establecía como se debía distribuír o capital líquido da institución ou tamén nas discusións suscitadas sobre como repartir os fondos recadados como resultado da realización dun festival³⁵.

obra educativa dos «americanos», v. Xosé M. Núñez Seixas, *Emigrantes, caciques e indianos. O influxo sociopolítico da emigración transoceánica en Galicia (1900-1930)*, Vigo, Ediciones Xerais de Galicia, 1998, pp. 130-137.

34. Xosé M. Núñez Seixas, «Redes sociales...», cit., p. 34; Gustavo Hervella García e María Seijas Montero, *Lalín-Bos Aires, unha historia compartida*, Patronato Cultural de Lalín - Seminario de Estudios de Deza, s/d, pp. 42 e 43.

35. AEV, Caixa n.º 1, Libro de Actas n.º 2 (1917-1924) SRMV, Acta de asemblea general extraordinaria, 30/07/1917, ff. 42 e 44; *Idem*, Acta de asemblea general extraordinaria, 7/07/1918, f. 102.

Regulamentariamente existían tres destinos posibles para o diñeiro da entidade: o Sindicato de Vedra, o fondo parroquial e a protección mutua dos asociados en Bos Aires. En xeral, o que era materia de disentimentos era a porcentaxe correspondente a cada título.

As diferenzas entre os que buscaban privilexiar a axuda á sociedade natal e os que non querían esquecer os obxectivos mutualistas da entidade chegaron a un punto irreconciliable que conduciu á separación dun núcleo de asociados. Estes fundaron unha nova entidade cun programa inclinado a satisfacer as necesidades dos galegos na terra de nacemento. En efecto, en 1919, con motivo da adhesión do Sindicato de Agricultores á Confederación Nacional Católica Agraria, a Sociedad de Residentes del Municipio de Vedra rompeu relacións co primeiro tras longas discusións que dividiron os que estaban a favor ou en contra dese disentimento. Os que sostiñan a necesidade de manter os vínculos coa sociedade matriz constituíron unha nova entidade en 1920, a Sociedad Mutua y Auxiliar de Agricultores del Municipio de Vedra. Segundo os seus fundadores, esta última orixinouse para preservar os principios que inspiraran o xurdimento da Sociedad de Residentes del Municipio de Vedra en 1910: favorecer o desenvolvemento do Sindicato de Agricultores e a súa actividade a favor dos labradores de Galicia:

[...] Viendo con desagrado y pena una buena parte de los socios de la antigua Sociedad Agrícola Auxiliar de Agricultores del Municipio de Vedra en Buenos Aires cuyos nombres figuran en este libro de actas, después de varios años de fructífera labor dentro de dicha entidad, se vieron en la necesidad de desligarse de la misma por considerarla corrompida debido a la perversión de los principios para que había sido fundada el día 2 de octubre de 1910 en esta capital.

Es notorio entre los contemporáneos hijos del distrito de Vedra en Buenos Aires y en el distrito referido, que dicho organismo fue fundado con el exclusivo objeto de dar mayor impulso a la Sociedad de Agricultores de Vedra en España [el Sindicato de Agricultores], que desde su fundación venía el caciquismo pugnan-do por derrumbarla a todo trance, más a pesar de las múltiples redes tendidas por los vividores de profesión, supieron aquellos fundadores valientes sortearlas y salir airosos de las inmundas garras caciquiles [...].

Fue por eso que los Residentes hijos de Vedra en Buenos Aires prestaron con todo entusiasmo un decidido y eficaz apoyo a su sociedad matriz, para que, tanto en las mejoras de los cultivos agrícolas como en la elevación moral y cívica de los Agricultores asociados en el Municipio de Vedra surgiese esplendoroso en dicho distrito un centro que, en su clase, fuese eminentemente cultural [...]³⁶.

36. AEV, Caixa n.º 3, Libro de Actas n.º 1 (1920-1921) Sociedad Mutua y Auxiliar de Agricultores del Municipio de Vedra en Buenos Aires, Acta de fundación, 1/03/1920, f. 3.

En efecto, a nova sociedade xurdida en Bos Aires cumpriu un importante labor ao contribuír economicamente con distintos proxectos en Galicia: o cercado do terreo do Sindicato de Agricultores, a compra de sementes e maquinarias para este último, a construción de escolas (as de Merín e San Pedro de Sarandón) e pontes (Bazar e Pedreira) así como a apertura dun camiño (na parroquia de Merín)³⁷.

Porén, a ruptura co Sindicato de Agricultores por parte da Sociedad de Residentes del Municipio de Vedra non se prolongou indefinidamente, xa que en abril de 1932, tras a fusión da última entidade coa constituída en 1920, se recuperaron as relacións co mencionado Sindicato. Chegouse entón a un novo acordo sobre a distribución do capital líquido. Segundo o regulamento sancionado o 7 de maio de 1932, o 20% sería destinado ao Sindicato, o 30% ao fondo parroquial e o 50% restante á protección mutua dos asociados na Capital Federal³⁸. Como vemos, a asistencia aos inmigrantes na cidade porteña adquiría un importante peso ao reequilibrar unha tendencia que durante a primeira etapa da vida institucional se inclinara a satisfacer as necesidades da sociedade galega, como puxemos de manifesto anteriormente.

4. A SOCIEDAD DE RESIDENTES DEL MUNICIPIO DE VEDRA E O SEU FUNCIONAMENTO

Na primeira década da súa existencia, a entidade transitou un lento camiño cara á súa progresiva institucionalización. Nos seus comezos, non posuía un edificio propio, as reunións realizábanse no domicilio do que fora tesoureiro da primeira Comisión Directiva, o señor Manuel Fernández (Alsina 944). Os primeiros fondos recadados destináronse á compra do edificio social do Sindicato de Agricultores de Vedra. Dende o momento en que os investimentos se encamiñaron a cubrir necesidades da terra natal ou, en menor medida, dos seus socios en Bos Aires, dificultouse a posibilidade de adquirir un edificio propio na cidade porteña e, polo tanto, procedeuse a alugar un local para as reunións da Comisión Directiva. De maneira paulatina, a sociedade adquiriu tamén algún mobiliario (escritorio, cadeiras, armario) e unha máquina de escribir. Se ben non chegou a posuír un órgano de difusión propio onde se desen a coñecer as vicisitudes do seu desenvolvemento, como ocorreu no caso doutras sociedades microterritoriais galegas, a entidade situada no municipio

37. Concello de Vedra e Consello da Cultura Galega (eds.), *Memoria da Emigración*, 2000, p. 14.

38. AEV, Caixa n.º 10, Estatutos y Reglamento de la Sociedad Agrícola Residentes del Municipio de Vedra, Art. 6º, 7/05/1932.

de Vedra publicou periodicamente todas as noticias relacionadas coa súa evolución en distintos medios da colectividade: *Teo* (de 1911 a 1915), *El Eco de Teo* (de 1916 a 1920), *Hércules* (de 1921 a 1928), *El Correo de Galicia* (de 1928 a 1943) e *Galicia* (a partir de 1944)³⁹.

Poderíamos suxerir que os anos iniciais foron conflictivos para o desenvolvemento da entidade. Entre 1913 e 1914, esta experimentou unha crise institucional bastante importante que se puxo de manifesto nas sucesivas renuncias a cargos presentadas por varios membros da Comisión Directiva (incluídas as do presidente e vicepresidente). Aparentemente, tampouco había moitos socios predispostos a asumir os postos vacantes⁴⁰. A este fenómeno sumóuselle o feito de que os integrantes da sociedade, naturais da parroquia de San Xián de Sales e liderados polo entón presidente Jesús Villaverde, se separaron da Sociedad de Residentes del Municipio de Vedra o 6 de abril de 1913 e fundaron unha nova entidade⁴¹.

A pesar destes primeiros momentos de inestabilidade, a institución situada no concello de Vedra logrou reorganizarse e manterse en actividade por moitos anos. A mediados da década de 1920, cando se deu a coñecer o seu labor anual realizado na revista *Hércules*, facíase énfase nas distintas reunións cuxo propósito era o desenvolvemento colectivo, tanto da Comisión Directiva como das asembleas xerais, como reflexo do grao de institucionalidade alcanzado pola entidade⁴².

Cara a 1924, o número de socios chegara a 85. A súa distribución, por parroquias, era desigual, xa que algunhas contaban cun maior número de afiliados ca outras dentro da sociedade (ver o cadro 1). Como veremos, isto incidía na magnitude do fondo parroquial a disposición de cada parroquia, que dependía do número de contribuíntes que tivese cada unha delas. En 1926, por exemplo, Trobe e A Ponte Ulla eran as que dispoñían dunha maior proporción do fondo parroquial, xa que tiñan o número máis elevado de membros na Sociedad de Residentes do Municipio de Vedra⁴³.

39. *Memoria da Emigración*, p. 13.

40. AEV, Caixa n.º 1, Libro de Actas n.º 2 (1917-1924) SRMV, ff. 53-84.

41. AEV, Caixa n.º 1, Libro de Actas n.º 2 (1917-1924) SRMV, Acta de asemblea general extraordinaria, 6/04/1913, f. 53.

42. V., por exemplo, «Residentes del M. de Vedra. Memoria y balance del ejercicio de 1924» e «Residentes del M. de Vedra. Memoria y balance del ejercicio de 1925», *Hércules*, ano x, n.º 117, 15/02/1925, Bs. As., pp. 4 e 5; e ano x, n.º 128, 15/01/1926, Bs. As., p. 6, respectivamente.

43. «Residentes del M. de Vedra», *Hércules*, ano xi, n.º 134, 15/08/1926, Bs. As., p. 8.

Cadro 1: Distribución dos socios da Sociedad de Residentes del Municipio de Vedra en Bos Aires por parroquias en 1924	
Parroquias	N.º socios
Santo André de Trobe	33
San Miguel de Sarandón	15
Santa María Madanela da Ponte Ulla	12
Santa Cruz de Ribadulla	9
San Pedro de Sarandón	5
Santa Eulalia de Vedra	4
San Fins de Sales	4
San Mamede de Ribadulla	3
San Pedro de Vilanova	—
Santo André de Illobre	—
San Cristovo de Merín	—
San Xián de Sales	—
Total	85

FONTE: AEV, Caixa N.º 8, Rexistro de Socios de Secretaría de «Residentes del Municipio de Vedra», Bs. As., 1924, ff. 12 e 13.

Lamentablemente, non dispoñemos de documentación que nos permita aproximarnos á composición socio-profesional da masa societaria, mais poderíamos suxerir que esta puido ser bastante similar á doutras entidades microterritoriais galegas en Bos Aires. As indagacións de Núñez Seixas sobre o Centro Renovación Pontearreas, Unión Progreso Distrito de Covelo, Círculo Social Valle Miñor e Residentes de Mos tiveron como resultado un predominio de empregados e dependentes de comercio, seguidos de comerciantes e obreiros manuais cualificados e sen cualificación⁴⁴. No caso da Sociedad de Residentes del Municipio de Vedra, podemos afirmar que ata os membros da Comisión Directiva tiñan longas xornadas de traballo, a vulgar polas declaracións que aparecen nas actas ou na correspondencia enviada e recibida pola institución. En moitas ocasións, non asistir a unha reunión ou renunciar a un cargo xustificábase co argumento de que os labores realizados para gañar un sustento non deixaban tempo libre para as actividades societarias.

Como outras institucións galegas e panhispánicas da época, a participación das mulleres na Sociedad de Residentes del Municipio de Vedra estaba bastante restrinxida: podían ser admitidas como socias, mais non integraban as comisións directivas. Ao sexo feminino estáballe reservado o espazo das actividades recreativas e, por iso, como moito podían formar parte das

44. Xosé M. Núñez Seixas, «Redes sociales...», cit., pp. 34-36.

Comisións de Señoritas, que se encargaban de colaborar na organización dos festivais que se realizaban para recadar fondos⁴⁵.

Nas súas primeiras décadas de vida, a Sociedad de Residentes del Municipio de Vedra manifestou unha predominante tendencia ao neutralismo en materia de política peninsular ou local. En xeral, nas reunións da Comisión Directiva ou da Asamblea evitábanse as discusións con respecto aos compromisos políticos. Só encontramos unha adhesión á invitación do *Diario Español* (portavoz da comunidade española na cidade porteña) para a organización dunha homenaxe ao presidente da Nación Arxentina como testemuño de gratitude á declaración do 12 de outubro como festa nacional⁴⁶. Aceptouse tamén, con algunhas reticencias e obxeccións, que o secretario da sociedade asinase unha petición a favor da petición de indulto aos procesados nunha folga xeral acontecida en España en 1917⁴⁷. Porén, estas serían en certo modo as «excepcións» que confirmarían a regra.

5. OS VÍNCULOS COS NÚCLEOS PARROQUIAIS E CON OUTRAS SOCIEDADES DE VEDRA EN BOS AIRES

Paga a pena destacar que os debates respecto das relacións da Sociedad de Residentes del Municipio de Vedra coas parroquias que conformaban o devandito municipio e que estaban integradas nela eran bastante frecuentes nas reunións da Comisión Directiva e da Asamblea. Neste sentido, os aspectos que se podían converter en materia de controversia estaban ligados, por unha banda, á distribución e ao destino do fondo parroquial e, por outra, á separación de determinados núcleos asociativos da institución que nos ocupa.

O fondo parroquial representaba unha suma que se debía repartir entre as distintas parroquias en forma proporcional ao número dos seus contribuíntes para a súa utilización en obras de infraestrutura ou caridade, dentro das súas xurisdicións en Galicia. Pero ese diñeiro non só se empregaba con fins materiais concretos, senón tamén con propósitos máis simbólicos ligados

45. Na Comisión de Señoritas do ano 1918 detectamos que as mulleres eran familiares ou persoas próximas aos membros da Comisión Directiva do momento. Cfr. AEV, Caixa n.º 1, Libro de Actas n.º 2 (1917-1924) SRMV, Acta de reunión extraordinaria de Comisión Directiva, 19/03/1918, f. 83.

46. AEV, Caixa n.º 1, Libro de Actas n.º 2 (1917-1924) SRMV, Acta de sesión ordinaria de Comisión Directiva, 27/10/1917, ff. 55 e 56.

47. AEV, Caixa n.º 1, Libro de Actas n.º 2 (1917-1924) SRMV, Acta de sesión ordinaria de Comisión Directiva, 27/10/1917, ff. 55 e 56; *Idem*, Acta de sesión ordinaria de Comisión Directiva y de Fiestas, 27/12/1917, ff. 62 e 63.

á busca de recoñecemento e prestixio social por parte daqueles emigrantes-socios que mediaban para a súa obtención e investimento. Cara a 1918, logrouse determinar o modo en que o fondo en cuestión sería entregado a cada parroquia: «para poder retirar ese dinero, sería indispensable que lo solicitara el Delegado por medio de una nota firmada por lo menos por las dos terceras partes de los socios de la parroquia que representa, especificando en qué sería invertido»⁴⁸. A comezos da década de 1920, comezaron a organizarse reunións parroquiais, é dicir, dos membros de cada xurisdición eclesiástica, coa finalidade de decidir colectivamente o destino dos fondos unha vez que o delegado xa fose autorizado para retirar o diñeiro. Deste modo, os veciños de San Pedro de Sarandón, A Ponte Ulla e Trobe reuníronse por separado e decidiron destinar as sumas correspondentes á construción das escolas e pontes mencionadas anteriormente⁴⁹.

Outro aspecto que parecía máis problemático era a posible escisión dun núcleo parroquial pertencente á Sociedad de Residentes del Municipio de Vedra. A maioría dos membros desta última resistíase á separación das parroquias que a integraban, basicamente debido a que ese proceso xeraba a perda de socios e, polo tanto, a de cotas sociais coas que se mantiña o funcionamento da entidade. O proxecto proposto polo vicepresidente Jesús Villaverde de constituír unha federación que unise «moralmente» as doce parroquias de Vedra co mantemento da autonomía administrativa (o que incluía o aspecto financeiro) de cada unha delas non foi aceptado⁵⁰. Isto conduciu en 1913 á separación dos socios da parroquia de San Xián de Sales. Como xa sinalamos, estes últimos fundaron unha nova entidade que se denominou Unión y Progreso de San Julián de Sales. Dous anos máis tarde, en 1915, constituíuse no lugar de Cibrán (parroquia de San Xián de Sales, Vedra) a Sociedad Agrícola Ganadera Unión y Progreso de San Julián de Sales, que tería funcións similares ás do Sindicato Agrícola de Vedra: a busca da mellora da situación dos labradores, tanto a un nivel económico como cultural, coa axuda da institución establecida en Bos Aires⁵¹. Porén, no caso da entidade matriz de San Xián de

48. AEV, Caixa n.º 1, Libro de Actas n.º 2 (1917-1924) SRMV, Acta de asamblea general ordinaria, 20/01/1918, ff. 65 e 66.

49. AEV, Caixa n.º 1, Libro de Actas n.º 2 (1917-1924) SRMV, Acta de reunión parroquial de San Pedro de Sarandón, 7/02/1920; *Idem*, Acta de reunión parroquial de Ponte Ulla, 8/02/1920; *Idem*, Acta de reunión parroquial de Trobe, 8/02/1920, ff. 199-203.

50. AEV, Caixa n.º 1, Libro de Actas n.º 2 (1917-1924) SRMV, Acta de asamblea general extraordinaria, 6/04/1913, f. 53.

51. AEV, Libro de Actas n.º 1 (1915-1925) Sociedad Agrícola Ganadera Unión y Progreso de San Julián de Sales, Acta de constitución de la Sociedad Agrícola Ganadera Unión y Progreso de San Julián de Sales, 19/01/1915, f. 1.

Sales, o proceso sería inverso ao de Vedra: o impulso para a formación da institución en Galicia proveu do exemplo dado polos veciños instalados na cidade porteña, os que iniciaron o movemento asociativo a un nivel parroquial. Os integrantes de Unión y Progreso de San Julián de Sales actuaron eficazmente na recadación de fondos para prover a súa parroquia dunha importante infraestrutura pública: un campo de recreo, unha escola cuxo edificio tamén sería sede da sociedade matriz, unha ponte e un cemiterio⁵².

A Sociedad de Residentes del Municipio de Vedra non só viu escindir-se un dos seus núcleos parroquiais, senón que tamén experimentou unha situación case oposta: a incorporación dos membros dunha entidade que se situaba no municipio de Vedra, o Comité Auxiliar de la Sociedad de Agricultores de Vedra en Bos Aires, creado nesta última cidade para financiar a constitución dunha sección de empréstitos no Sindicato de Agricultores en Galicia. A unión mencionada concretouse o 20 de abril de 1917 tras as xestións iniciadas pola Sociedad de Residentes del Municipio de Vedra⁵³.

Esta tendencia á unidade manifestouse noutro fenómeno de interese: a fusión da institución que nos ocupa co Centro de Residentes de Teo (entidade mutualista de naturais deste último municipio coruñés instalados en Bos Aires), que deu orixe, en 1920, á Federación de Sociedades Agrarias e Instructivas de la provincia de la Coruña en Sud-América, entidade que propiciou o federalismo por provincia. Mais a permanencia da Sociedad de Residentes del Municipio de Vedra na Federación da Coruña non foi moi prolongada, xa que en 1928 a abandonou. Os seus dirixentes argumentaban que xa non se beneficiaban coa devandita unión e que por separado farían máis obras que no seo da Federación⁵⁴.

Como vemos, as relacións interinstitucionais non estiveron exentas de friccións, as máis profundas son as que se deron coa sociedade matriz, que incluso, como xa sinalamos, levaron á ruptura transitoria con esta. Un dos principais reclamos dos integrantes da Sociedad de Residentes del Municipio de Vedra

52. *Memoria da Emigración*, p. 16. Teñamos presente que, a mediados de xuño de 1917, a Sociedad Unión y Progreso de San Julián de Sales, catro anos despois da súa fundación, xa estaba en condicións de enviar o diñeiro para custear os gastos da compra do edificio destinado á escola e sede da sociedade matriz e, ademais, unha suma para as reformas que había que realizar neste. Cfr. AEV, Correspondencia recibida por la Sociedad Agrícola Ganadera Unión y Progreso de San Julián de Sales, Carta enviada por la Comisión Directiva de Unión y Progreso de San Julián de Sales, Bs. As., 30/06/1917.

53. AEV, Caixa n.º 1, Libro de Actas n.º 2 (1917-1924) SRMV, Acta de reunión de Comisión Directiva, 7/02/1917, f. 8.

54. «Sociedad R. del M. de Vedra», *Hércules*, ano XIV, n.º 159, 08/1928, Bs. As., s/p.

era que as súas familias puidesen gozar dos mesmos dereitos e prerrogativas que as familias dos afiliados ao Sindicato de Vedra que permanecían en Galicia⁵⁵. Tamén esixían a participación na administración do Sindicato Agrícola en igualdade cos seus membros establecidos en Vedra. De alí que, por exemplo, os socios da entidade porteña loitasen a favor dunha reforma dos estatutos que contemplase a posibilidade de poderen integrar unha Xunta encargada de administrar o edificio social en caso de disolución da sociedade matriz⁵⁶.

6. CONSIDERACIÓNS FINAIS

Ao longo deste traballo puxemos de relevo que o asociacionismo microterritorial galego en Bos Aires estivo condicionado por múltiples factores que operaron dende ambos os lados do Atlántico: unha masa crítica de emigrantes, líderes potenciais na sociedade receptora, un contexto de acollida onde o asociacionismo xa tiña un destacado vigor, intermediarios no ámbito de partida e un grao de difusión importante dos motivos ideolóxicos do rexeneracionismo, entre moitos outros. Porén, no caso da Sociedad de Residentes del Municipio de Vedra, o catalizador fundamental para o seu xurdimento foi o estímulo dado pola Sociedad Agrícola de Vedra (o Sindicato Agrícola). A entidade porteña non se orixinou no baleiro, senón no marco do desenvolvemento dun importante movemento agrarista galego capaz de brindar modelos de organización institucional e de acción concreta que podían ser emulados polos emigrantes no Río da Prata.

Nas primeiras décadas de existencia da entidade analizada mantívose a atención aos problemas e requirimentos da sociedade galega, aínda que foi obxecto de controversias. A pesar disto, o deber de atraer unha masa societaria que fixese viable a reprodución da institución mediante o pagamento das cotas sociais induciu a esta institución a ampliar o seu campo de acción arredor de actividades recreativas e mutualistas. Estas últimas permitían alcanzar distintos obxectivos: o logro da cohesión social e a recadación de fondos (no caso dos festivais anuais, por exemplo), a axuda aos máis necesitados e a recreación da comunidade de pertenza no ámbito de destino, entre outros. Estas metas parecían satisfacer mellor as necesidades dos emigrados máis anónimos, que

55. AEV, Caixa n.º 1, Libro de Actas n.º 2 (1917-1924) SRMV, Acta de acuerdos de la Comisión Directiva, 15/12/1910, f. 4.

56. AEV, Caixa n.º 1, Libro de Actas n.º 2 (1917-1924) SRMV, Acta de reunión de Comisión Directiva, 29/12/1912, ff. 41-43.

non tiñan como prioridade a adquisición dun papel de liderado ou o logro de cotas de poder local na súa terra natal.

Durante a Guerra Civil e a primeira etapa do franquismo, os investimentos da Sociedad de Residentes del Municipio de Vedra encamiñáronse a atender principalmente aspectos relacionados co benestar dos emigrados en Bos Aires. No contexto dos enfrontamentos entre o bando republicano e o nacionalista, a política de neutralismo adoptada pola institución (recusada por algúns membros da Comisión Directiva)⁵⁷, acompañouse dun certo distanciamento das problemáticas concretas que aflixían os veciños de Vedra en Galicia. Os obxectivos filantrópicos quedaron lentamente esquecidos, fenómeno que se reforzou a medida que moitos emigrantes de Vedra se integraron socioeconomicamente na sociedade de acollida e adiaron ou abandonaron definitivamente os seus soños de retornar á terra natal.

57. AEV, Caixa n.º 1, Libro de Actas n.º 4 (1932-1947) SRMV, Acta de reunión de Comisión Directiva, 03/07/1937, ff. 197-198.